

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 13 DE MARZO DE 2017.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E VINTECINCO MINUTOS** do día **TRECE DE MARZO DE DOUS MIL DEZASETE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**
- 2º.- **ENTRADA DE VEHÍCULOS.**
- 3º.- **SERVIZOS SOCIAIS.**
- 4º.- **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE APE GALICIA E
CONCELLO DE SILLEDA.**
- 5º.- **PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE
EMPREGO.**
- 6º.- **URBANISMO.**

1º.- **ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**

Queda aprobada a Acta da sesión do;
- 02 de Marzo de 2017

2º.- **ENTRADA DE VEHÍCULOS.**

Dase conta da solicitude presentada por **JESÚS LÓPEZ GÓMEZ**, Rexistro de Entrada nº 957 de data 07 de marzo de 2017, solicitando a alta no padrón de entrada de vehículos para o inmovible sito na rúa Cartaxena, nº 18 de Silleda.

Visto que con data 09 de marzo de 2017, pola Policía Local emítese informe nº 66/17, favorable a esta solicitude.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA** prestar aprobación e dar de alta no Padrón de Entrada de Vehículos, a **JESÚS LÓPEZ GÓMEZ**, para o inmovible sito na rúa Cartaxena, nº 18 de Silleda, así como comunicar este acordo ó **ORAL**.

3º.- SERVIZOS SOCIAIS.

3.1.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no programa de libre concorrencia, de R.P.V.

Dase conta do informe de Beatriz Cuiña Iglesias, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 07 de marzo de 2017, de alta no SAF no programa de libre concorrencia de:

Nome a Apelido	Enderezo
E.A. E.	-----

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** a alta no SAF, a **E.A.E.** segundo informe da Traballadora Social, de data 07 de marzo de 2017.

3.2.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no programa de libre concorrencia, de J.C.V.

Dase conta do informe de Beatriz Cuiña Iglesias, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 03 de marzo de 2017, de alta no SAF no programa de libre concorrencia de:

Nome a Apelido	Enderezo
J.C.V.	-----

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** a alta no SAF, a **J.C.V.** segundo informe da Traballadora Social, de data 03 de marzo de 2017.

4º.- CONVENIO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE APE GALICIA E CONCELLO DE SILLEDA.

Polo Sr. Alcalde dase conta do Convenio de colaboración entre a Asociación Intersectorial e Interterritorial de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia (APE Galicia) e Concello de Silleda, que transcríbese a continuación:

“CONVENIO COLABORACIÓN APE GALICIA - CONCELLO DE SILLEDA

REUNIDOS:

De unha parte, D. Manuel Cuiña Fernández, Alcalde do Concello de Silleda, en cuxo nome e representación actúa.

De outra parte, D. José Ramón Caldas Martínez, Presidente da Asociación Intersectorial e Interterritorial de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia (APE Galicia), con domicilio en Praza de España Nº1 Piso 1º Oficina 1, CP36002, Pontevedra, e CIFG36550630

Ambos interveñen en representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, recoñecéndose reciprocamente a necesaria capacidade xurídica e lexitimación para outorgar e suscribir o presente Convenio, e en relación ó mesmo

EXPOÑEN:

I. Que o Concello de Silleda, no marco das súas funcións, ten coma obxectivos o fomento da actividade económica e o desenvolvemento local, a creación de emprego, a creación de unha cultura emprendedora, o apoio ó tecido autónomo, a mellora da competitividade, e o desenvolvemento de actuacións específicas para a consecución de ditos fins.

II. Que APE Galicia propugna entre os fins outros estipulados nos seus Estatutos:

- A representación, xestión e defensa dos intereses dos Traballadores Autónomos e PEMES.*
- A adaptacións do colectivo ás novas tecnoloxías e métodos de xestión empresarial.*
- O asesoramento, formación, consultoría e a maior capacitación do colectivo de Autónomos e PEMES.*
- A realización de xornadas formativas e proxectos de interese para o colectivo.*
- A difusión da responsabilidade social corporativa, integración de colectivos en risco de exclusión e de conciliación da vida laboral e familiar e a promoción do emprego autónomo.*
- A colaboración coas Administracións Públicas e axentes sociais en orde á consecución dos seus fins.*

Polo exposto, ambas partes conveñen en formalizar o presente convenio en base ás seguintes

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA: Obxecto: *Establecer un marco de cooperación institucional entre o Concello de Silleda e APE Galicia, en orde a realizar proxectos de mutuo interese no ámbito das súas respectivas competencias.*

Para a concreción de ditos proxectos, realizarase unha ou máis reunións nas que se fixarán os obxectivos a conseguir durante a vixencia de este Convenio, e a forma de levalos a cabo, cumprindo en cada caso cos procedementos establecidos a tal efecto na normativa vixente.

SEGUNDA: Ámbito de aplicación: *As actuacións que se deriven da firma do presente Convenio desenvolveranse de xeito preferencial na área xeográfica do Concello, sempre que fose posible en relación á natureza da actividade a realizar.*

TERCEIRA: Servizos ofertados por APE Galicia:

- Asesoramento técnico, xurídico, fiscal e laboral a Traballadores Autónomos e Pequenas Empresas.*

- *Elaboración de informes, proxectos, eventos, etc., de interese para o colectivo.*
- *Aportación de medios humanos.*

CUARTA: Aportacións do Concello de Silleda:

- *Colaboración para o desenvolvemento das actuacións que se acorden, segundo o procedemento que se estableza.*
- *Posibilidade de utilización das instalacións municipais para o desenvolvemento das actuacións.*
- *Aportación de medios humanos e materiais.*
- *Colaboración na difusión e publicidade.*

QUINTA: Convenios específicos:

Os proxectos que se deriven do presente Convenio deberán conter os seguinte aspectos:

- 1. Obxectivos a conseguir.*
- 2. Contidos específicos*
- 3. Forma de realización e cronoloxía.*
- 4. Memoria de actividades unha vez realizado.*

Ditos convenios específicos quedarán anexionados ó presente Convenio unha vez que se acorden e firmen.

SEXTA: Duración: *Este convenio terá unha vixencia de un ano a contar dende a data de firma. Chegado o vencemento do mesmo, ambas partes deberán comunicar expresamente o súa vontade de renovación, ou de modificación do contido do mesmo de mutuo acordo.*

En Pontevedra, a de de 2017.

*Don José Ramón Caldas Martínez
Presidente de APEGalicia*

*D. Manuel Cuíña Fernández
Alcalde do Concello de Silleda"*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **acorda**, prestar aprobación ó texto do convenio e faculta ó Alcalde para a sinatura do mesmo.

5º.- PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO.

5.1.- Vista a solicitude presentada por RAQUEL ROMERO GASAMANES, Rexistro de Entrada nº 1028 de data 09 de marzo de 2017, en relación ó Programa de Axudas Municipais para Creación de Emprego, como Dietista, a situar na rúa Outeiro, nº 6 - 2ºB (Silleda).

VISTAS as Bases Reguladoras e convocatoria para o ano 2017 do Programa de Axudas Municipais á Creación de Emprego, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 17 de xaneiro de 2017, e a proposta da concelleira Ana Luisa González Costa, e unha vez comprobada

a documentación acreditativa presentada por RAQUEL ROMERO GASAMANES, para consulta de Dietista a situar na rúa Outeiro, nº 6 - 2ºB (Silleda).

VISTO que o gasto xustificado documentalmente e o baremo das bases.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **RESOLVE**

1.- **CONCEDER** a RAQUEL ROMERO GASAMANES, unha subvención de **1.200,00 €** para a apertura dunha consulta de Dietista na rúa Outeiro, nº 6 - 2ºB (Silleda)., coa abriga de cumprir con tódalas esixencias das Bases, incluíndo a instalación dun cartel identificativo desta subvención.

6º.- URBANISMO.

6.1.- Reposición de estrutura e material de cuberta de edificación auxiliar preexistente, sita no lugar de Eervixe, nº 5, parroquia de Graba (Silleda). María Luisa Pérez Collazo.

Vista a solicitude de licenza, presentada por MARÍA LUISA PÉREZ COLLAZO, Rexistro de Entrada nº 5140 de data 11 de setembro de 2015, para reposición de estrutura e material de cuberta de edificación auxiliar preexistente, sita no lugar de Eervixe, nº 5, parroquia de Graba (Silleda), segundo proxecto básico e de execución da arquitecta Natalia Campos Ferro.

Visto o informe emitido o 10 de marzo de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

*"Solicitante: María Luisa Pérez Collazo
Data de rexistro: 11.SET.2015 Nº: 5140 Data escrito: AGO.2015
Solicitude: Reposición de estrutura e material de cuberta de edificación auxiliar preexistente.
Tipo de Solicitude: Obra Maior
Emprazamento: Eervixe, nº 5. Graba
Referencia catastral: 36052B50185001 Superficie catastral: 1.757 m2.
Autor do Proxecto: Natalia Campos Ferro, Arquitecta Colexiada 4382
Proxecto: Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 1505439,1 de 25/08/2015
Dirección de Obra: n/d
Oficio de Dirección:
Dirección de Execución:
Oficio Direc. Execución:
Exposición pública BOP DOGA Prensa
Orzamento (P.E.M.): 4.679,93 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €*

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 272016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 10 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.
- 11 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 12 Planeamento do Concello de Silleda
 - 12.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 12.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
 - 12.3 M.P. PXOU no Zona Antiga Feira [apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 12.4 M.P.PXOU en Bandeira. redución do ancho Rúa Num 5 [apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 12.5 M.P.PXOU no zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 12.6 M.P.PXOU no Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 12.7 M.P.PXOU no zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
 - 12.8 M.P.Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
 - 12.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 12.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
 - 12.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
 - 12.12 M.P.Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
 - 12.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

13 Concordantes

ANTECEDENTES

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por María Luisa Pérez Collazo, presentada con R.E.5140 de 11.SET.2015. Aporta 2 copias de proxecto técnico asinado por Natalia Campos Ferro, Arquitecta colexiada 4382 e xustificante de pago de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 12,13 da normativa de aplicación deste informe técnico), No acordo de

aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos, Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras, A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195,2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico**. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 12,13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Reposición de estrutura e material de cuberta de edificación auxiliar preexistente**, está clasificado como **solo de núcleo rural histórico-tradicional**. Esta edificación encóntrase na área de afección de dous elementos catalogados no PXOM aprobado inicialmente, que se sinalan a continuación e dos que se xunta copia da súa ficha en anexo a este informe:

Ficha	Elemento	Grao de Protección
13.05	Casa da Torre	Estructural
13.20	Lavadeiro en Ervixe	Estructural

5. O uso de edificación para almacenamento de apeiros de labranza encadra dentro do artigo **33.2.a)** da LOUGA e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio. Por tanto, enténdese que a substitución de elementos de cuberta estaría amparado baixo os mesmos artigos, sen prexuízo de outras afeccións sectoriais. Por outra parte, a edificación conta con recoñecemento da súa existencia con anterioridade á entrada en vigor da LOUGA, concedida en Xunta de Goberno Local de 23 de setembro de 2004, como "Edificación destinada a garaxe- maquinaria, cunha superficie construída total de 99 m2 en planta baixa."

6. Segundo a disposición Transitoria Décimo primeira "Explotación e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e serradoiros existentes" da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio rural de Galicia e posteriores modificacións:

(...)

2. Así mesmo, poderá permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, a ampliación das construcións destinadas á explotación ou ao apoio á actividade agropecuaria, mesmo en volume independente, cumprindo as condicións de edificación establecidas no artigo 42 desta lei e no planeamento urbanístico vixente, excepto no que se refire ás condicións de parcela mínima edificable, recuamentos, ocupación e volume máximos, distancias mínimas a vivendas e a asentamentos de poboación. (...)

En todo caso, deberá manterse o estado natural do terreo, ou con plantación de arboredo ou especies vexetais, como mínimo, nun terzo da superficie da parcela.

7. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

8. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, **sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:**

8.1 Delegación Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal de obra, que se pretende executar nas proximidades dunha edificación catalogada polo Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente o 18 de decembro de 2012.

8.1.1 o expediente foi remitido á Consellería competente (r.s. 1828 de 16/10/2015, que emite **autorización** asinada o día 9 de decembro de 2016 (r.s. 118358/RX1813689 de 15/12/2016 e R.E. 5619 de 19.DEC.2016).

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Reposición de estrutura e material de cuberta de edificación auxiliar preexistente solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico e nas autorizacións sinaladas no punto 8 deste informe técnico.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
2. Folla de edificación e estatística cumprimentada.”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

- **CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a MARÍA LUISA PÉREZ COLLAZO para reposición de estrutura e material de cuberta de edificación auxiliar preexistente, sita no lugar de Ervixe, nº 5, parroquia de Graba (Silleda), parcela con referencia catastral 36052B50185001, dacordo co informe anteriormente transcrito, indicándolle que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
2. Folla de edificación e estatística cumprimentada.

6.2.- Reforma en alpendre dentro do conxunto da Casa Grande de Casanova, sita no lugar de O Barro, nº 2, parroquia de Parada (Silleda). José Lamazares López.

Vista a solicitude de licenza, presentada por JOSÉ LAMAZARES LÓPEZ, Rexistro de Entrada nº 1591 de data 15 de abril de 2015, para Reforma en alpendre dentro do conxunto da Casa Grande de Casanova, sita no lugar de O Barro, nº 2, parroquia de Parada (Silleda), segundo proxecto básico da arquitecta Natalia Campos Ferro.

Visto o informe emitido o 13 de marzo de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

*“Solicitante: José Lamazares López
Data de rexistro: 15.ABR.2015 Nº: 1591 Data escrito: ABR.2015
Solicitude: Reforma en alpendre dentro do conxunto da Casa Grande de Casanova.
Tipo de Solicitude: Obra Maior
Emprazamento: O Barro, nº 2, Parada
Referencia catastral: 36052S508009750000KZ Superficie catastral: 18.900 m2.
Autor do Proxecto: Natalia Campos Ferro, arquitecta colexiada 4382
Proxecto: Básico. Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colexial obligatorio)
Dirección de Obra: n/d
Dirección de Execución: n/d
Exposición pública BOP DOGA Prensa
Orzamento (P.E.M.): 8.892,66 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010:*

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 272016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 10 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.
- 11 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 12 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- 13 Lei 8/2012, do 29 de xuño. de vivenda de Galicia.
- 14 Planeamento do Concello de Silleda
 - 14.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 14.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
 - 14.3 M.P. PXOU no Zona Antiga Feira [apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 14.4 M.P.PXOU en Bandeira. redución do ancho Rúa Num 5 [apartado 2).

Aprobado definitivamente o 11/05/1995

14.5 M.P.PXOU no zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.6 M.P.PXOU no Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.7 M.P.PXOU no zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002

14.8 M.P.Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981

14.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007

14.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012

14.12 M.P.Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

14.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

15 Concordantes

ANTECEDENTES

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por José Lamazares López, presentada con R.E. 1591 de 15.ABR.2015. Aporta 2 copias de proxecto técnico asinado por Natalia Campos Ferro, arquitecta colexiada 4382.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará no redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sino lados polo Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORMETÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e polo Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico**. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Reforma en alpendre dentro do conxunto da Casa Grande de Casanova**, está clasificado como **solo rústico de protección do patrimonio cultural**. A edificación está catalogada, xunto con outras da mesma parcela, dentro dos elementos catalogados polo PXOM aprobado provisionalmente, que se relacionan a continuación e dos que se inclúe copia da ficha como anexo a este informe:

Ficha	Elemento	Grao de Protección
22.02	E Santo Tomás de Casanova	Integral
22.04	Casa Grande de Casanova	Estructural
22.12	Fonte-Bebedoiro en Casa de Casanova	Estructural
22.18	Palleira de casa de Casanova	Estructural
22.19	Hórreo de casa de Casanova	Integral

5. Solicítase licenza para executar obras de mantemento e reconstrución de muro de cerre dunha edificación tradicional catalogada situada en solo rústico no planeamento vixente. Preténdese, segundo se expón na memoria, a substitución das carpinterías, a reconstrución da parte superior do muro orixinal da fachada norte (portante da cuberta), executado en ladrillo para a súa posterior reconstrución en pedra. limpeza e rexuntado dos muros de pedra e colocación de pranchas de fibrocemento e tella cerámica curva como no resto das edificacións do conxunto.

6. Segundo a normativa urbanística vixente, non será necesaria a autorización autonómica, tramitada posto que o uso "alpendre" sería autorizable por licenza municipal directa nesta clase de solo (art. 35.1 .g e h. e o artigo 36 da Lei do Solo de Galicia).

7. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura no memoria técnica.

8, Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústico, non se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.

9. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, **sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:**

9,1 Delegación Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal de obra, que se pretende executar nunha edificación catalogada polo Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente o 18 de decembro de 2012, o expediente foi remitido con rexistro de saída 1180 de 14 de xullo de 2016 á consellería de Cultura que, previos os trámites pertinentes, emite autorización asinada o día 19 de maio de 2016 e remitida con rexistro de saída 55461/ RX 723335 de 25/05/2016 e rexistro de entrada neste Concello nº 2209 de 27.MAI.2016.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Reforma en alpendre dentro do conxunto da Casa Grande de Casanova solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros

presentes, ACORDA:

- **CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a JOSÉ LAMAZARES LÓPEZ para reforma en alpendre dentro do conxunto da Casa Grande de Casanova, sita no lugar de O Barro, nº 2, parroquia de Parada (Silleda), parcela con referencia catastral 36052S508009750000KZ, dacordo co informe anteriormente transcrito.

6.3- Devolución de taxas. José Luis Gómez Gil e.r. VILAR, S.C.

Visto o escrito presentado por José Luis Gómez Gil, e.r. de VILAR, S.C., Rexistro de Entrada nº 809 de data 23 de febreiro de 2017, solicitando devolución da cantidade de 2.500,00 € correspondentes a licenza de obras para ampliación de granxa de polos no lugar de O Couto, parroquia de Refoxos (Silleda), que foron ingresados en data 23 de xuño de 2016, a non ser posible a realización de obra por problemas no proxecto.

Visto o informe emitido o 07 de marzo de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

*“Solicitante José Luis Gómez Gil, Gómez Gil, José Luis, e.r. VILAR S.C.
Data de rexistro 23.FEB.2017 N° 809 Data escrito 23.FEB.2017
Emprazamento O Couto, Refoxos
Referencia catastral 36052A07800661
ASUNTO: Devolución de taxas*

INFORME

1. O día 31 de marzo de 2015 José Luis Gómez Gil presenta copia de proxecto para Ampliación de explotación avícola. Consta no expediente copia de xustificante de pagamento de taxas o día 23 de xuño de 2016.

2. Tal e como sinala a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, o promotor solicita ante o Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras. O mencionado servizo solicita informe deste Concello de acordo coa Lei 9/2013 en correo electrónico do día 22 de setembro de 2016; informe que foi emitido por este arquitecto o día 23 de setembro de 2016.

3. Na instrución do expediente, a mencionada Consellería solicita informe do Servizo de Ganadaría, que o día 29 de setembro de 2016 emite **informe desfavorable por motivo de distancias a outras explotacións**.

4. Por este motivo, non procede conceder licenza municipal de obra posto que o promotor non aporta os Informes preceptivos que sinala a mencionada Lei 9/2013.”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros

presentes, ACORDA:

- **CONCEDER**, a José Luis Gómez Gil, e.r. de VILAR, S.C. a devolución da taxas ingresadas en data 23 de xuño de 2016, previa deducción do importe do informe técnico.

6.4.- Solicitud de prórroga de licenza. Construcción de cortes de vacún en Xestoso. María Míguez Canabal.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 01 de marzo de 2016 acordou:

“- **CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal para a construción de cortes de vacún no lugar de Chousa do Lodo. Fontefría- Xestoso.”

Visto o escrito presentado por MARÍA MÍGUEZ CANABAL, Rexistro de Entrada nº 3696, de data 24 de agosto de 2016, no que solicita prórroga para o inicio das obras de construción de cortes de vacún no lugar de Chousa do Lodo. Fontefría- Xestoso, na parcela con referencia catastral 36052A059004290000KO.

Visto o informe emitido o 13 de marzo de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

“Solicitante *María Míguez Canabal*
Data de rexistro *24.AGO.2016* N° *3696* Data escrito *24.AGO.2016*
Emprazamento *Fontefría, Xestoso*
Referencia catastral *36052A059004290000KO*
ASUNTO: *Solicitud de prórroga de licenza*

ANTECEDENTES

1, *Amósaseme para informe técnico a solicitude presentada por María Míguez Canabal, con rexistro de entrada 3696 de día 24.AGO,2016.*

2, *O artigo 145 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia sinala o seguinte:*

Artigo 145. Caducidade das licenzas

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do

procedemento coa audiencia ao interesado.

INFORME:

*3, Vista a solicitude presentada, en tempo e forma, e dado que a ordenación urbanística non sufriu alteracións desde o momento da concesión da licenza (Xunta de Goberno Local de día 1 de marzo de 2016), polo que se entende que **procede a concesión da prórroga solicitada, salvo mellor criterio.***

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA conceder a prórroga solicitada por MARÍA MÍGUEZ CANABAL para a execución da obra “construcción de cortes de vacún no lugar de Chousa do Lodo. Fontefría- Xestoso, na parcela con referencia catastral 36052A059004290000KO”.

6.5.- Solicitude de prórroga de licenza. Construcción dun cobertizo para garda de maquinaria agrícola, a situar na finca nº 313 do plano de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, no lugar de Portapiñeiro, parroquia de Piñeiro (Silleda). José Luis Bascuas Gómez, e.r. GRANXA DO COTO, S.L.

Visto que por Resolución da Alcaldía de data 29 de novembro de 2010 acordouse otorgar a SAT Casa do Coto:

“A concesión da licenza de obra solicitada nº 3355/10, e a licenza provisional de actividade, para Construcción dun cobertizo para garda de maquinaria agrícola, a situar na finca nº 313 do plano de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, no lugar de Portapiñeiro, parroquia de Piñeiro (Silleda).”

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 31 de outubro de 2013, acordouse:

“Darse por comunicados do cambio de titularidade da licenza urbanística e provisional de actividade para construción dun cobertizo para garda de maquinaria agrícola a situar na finca nº 313 do plano de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, no lugar de Portapiñeiro, parroquia de Piñeiro, segundo proxecto do arquitecto técnico José Pereiras Sánchez con visado colegial de 3 de setembro de 2010, pasando a ser o novo titular da licenza GRANXA DO COTO S.L. con CIF B-94073517, en troques de S.A.T. CASA DO COTO.”

Visto o escrito presentado por José Luis Bascuas Gómez, e.r. GRANXA DO COTO, S.L., Rexistro de Entrada nº 4998, de data 10 de novembro de 2016, no que solicita prórroga para a execución das obras de construción dun cobertizo para garda de maquinaria agrícola, a situar na finca nº 313 do plano de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, no lugar de Portapiñeiro, parroquia de Piñeiro (Silleda).

Visto o informe emitido o 13 de marzo de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

*"Solicitante José Luis Bascuas Gómez, e.r. GRANXA DO COTO S.L.
Data de rexistro 10.NOV.2016 N° 4998 Data escrito 10.NOV.2016
Emprazamento Portapiñeiro, nº21, Piñeiro
Referencia catastral 36052D50300313
ASUNTO: Solicitud de prórroga de licenza*

ANTECEDENTES

1. *Amósaseme para informe técnico a solicitude presentada por José Luis Bascuas Gómez, e.r. GRANXA DO COTO S,L" con rexistro de entrada 4998 de día 10.NOV.2016.*

2. *O artigo 145 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia sinala o seguinte:*

Artigo 145, Caducidade das licenzas

1, No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicia/mente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado.

INFORME:

3. Vista a solicitude presentada, en tempo e forma, e dado que a ordenación urbanística non sufriu alteracións desde o momento da concesión da licenza (Decreto de día 29 de novembro de 2010), polo que se entende que procede a concesión da prórroga solicitada, salvo mellor criterio."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA conceder a prórroga solicitada GRANXA DO COTO, S.L. para a execución da obra "construcción dun cobertizo para garda de maquinaria agrícola, a situar na finca nº 313 do plano de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, no lugar de Portapiñeiro, parroquia de Piñeiro (Silleda)."

6.6.- Legalización de reformas e ampliación de instalación de "Granxa Escola e Albergue turístico Rústico". José Taboada Cortizo, en representación de TURISMO GALEGO MEDIOAMBIENTAL, S.L.

Vista a solicitude de licenza, presentada por José Taboada Cortizo, en representación de TURISMO GALEGO MEDIOAMBIENTAL, S.L., Rexistro de Entrada nº 3024 de data 13 de xullo de 2016, para legalización de reformas e ampliación de instalación de “Granxa Escola e Albergue Turístico Rústico”, no lugar de Reboreda, nº 6, parroquia de Abades (Silleda), segundo proxecto básico do arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro.

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 17 de febreiro de 2017 acordouse:

“CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a TURISMO GALEGO MEDIOAMBIENTAL, S.L. para legalización de reforma e ampliación de instalación de “Granxa Escola e Albergue Turístico Rústico”, no lugar de Reboreda, nº 6, parroquia de Abades (Silleda), parcela con referencia catastral 36052W501000050000JF, dacordo co informe anteriormente transcrito, indicándolle que:

1º.- Para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

2º.- Non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1.- Autorizacións de Abastecemento e Saneamento de augas emitidos por Augas de Galicia”

Visto que por José Taboada Cortizo, en representación de TURISMO GALEGO MEDIOAMBIENTAL, S.L., preséntase escrito con Rexistro de Entrada nº 912 de data 03 de marzo de 2017, adxuntando:

- Autorización de abastecemento procedente de pozo por parte de augas de Galicia.
- Xustificación respecto ó saneamento.

Visto o informe emitido o 10 de marzo de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

“Solicitante: José Taboada Cortizo, e.r. TURISMO GALEGO MEDIOAMBIENTAL, S.L.
Data de rexistro: 13.XUL.2016 Nº: 3024 Data escrito: 13.XUL.2016
03.MAR.2017 912 03.MAR.2017
Solicitud: Legalización de reformas e ampliación de instalación de “Granxa Escola e Albergue Turístico Rústico”.
Tipo de Solicitud: Obra Maior Superficie construída: 982,6 m2
Emprazamento: Reboreda, nº 6, Abades
Referencia catastral: 36052W5010000500JF Superficie catastral: 8.820 m2.
Autor do Proxecto: José Luis Sanmiguel Guerreiro, arquitecto Colexiado 2564 COAG
Proxecto: Básico. Sen visar (Rela Decreto 1000/2010, sobre visado colexial obligatorio) n/d
Dirección de Obra: Non procede
Dirección de Execución: Non procede
Exposición pública: BOP DOGA Prensa
Orzamento (P.E.M.): 15.000,00 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: 76.761,83 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de octubre, p:lr el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana

2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,

3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 272016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia,

5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos,

6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).

7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).

8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.

10 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

11 R.D, 2187/1978, de 23 de junio de 1978, Reglamente de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

12 Planeamento do Concello de Silleda

12.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

12.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991

12.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

12.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

12.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

12.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002

12.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002

12.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981

12.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

12.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007

12.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012

12.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

12.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

13 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude delictiva asinada por José Taboada Cortizo, e.r, TURISMOGALEGO MEDIOAMBIENTALS.L" presentada con R.E.3024 de 13.XUL.2016, Aporta 1 copia de proxecto técnico asinado por José Luis Sanmiguel Guerreiro, arquitecto colegiado 2564 COAG e xustificante de pago de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe técnico), No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará no redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.
(1 DOG nº 118, de 23 de xuño de 2014, páxinas 28479 e 28480)

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras, A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico de especial protección agropecuaria** (parcela 5. polígono 1 da ZCP de Bazar), Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Legalización de reformas e ampliación de instalación de "Granxa Escola e Albergue turístico Rústico"**, está clasificado como **solo de núcleo rural histórico- tradicional**.

5. O uso solicitado encadra dentro do artigo **35,1.p)** da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo **36**, salvo mellor criterio,

6. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	CUMPRE
<p>Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:</p> <p>a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.</p> <p>Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.</p>	SI
<p>b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.</p>	SI
<p>c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:</p>	

<p>- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.</p>	SI
<p>- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.</p>	SI
<p>- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.</p>	SI
<p>- A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta. Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.</p>	SI
<p>d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m). - A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas. - A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela. <p>Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo. - Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros. - As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos. - Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas. 	SI
<p>f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.</p>	SI
<p>g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse</p>	SI

<p>a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros. A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.</p> <p>Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.</p>	
---	--

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.	CUMPRE
---	---------------

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.	SI
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	33.2.b
c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	Non procede
d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.	Non procede
e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	Non procede
f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.	Non procede

Artigo 92. Protección das vías de circulación.	
---	--

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior. Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).	N/d
2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.	SI

7. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que **está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.**

8 . O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para**

este ámbito.

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LOUGA	Plan 2012	Xeral	Cumpre
Superficie mínima de parcela	8.820	3000	3000		Si
Altura de cornixa	<7,00 m	7,00 m	7,00		Si
Ocupación máxima	10,55%	20%	20%		Si
Superficie ocupada en planta	982,6				Si
Número máximo de plantas	B	B+1	B+1		Si
Recuamento a lindeiros	> 5 m	5 m	5 m		Si
Separación a vía pública	> 4 m	4 m	4 m		Si
Acceso rodado	SI	SI	SI		Si
Altura máxima soto		3 m			Si

9. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

10. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios**, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

11. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude (anexo 1,15 da memoria) e o Decreto 267/1999, do 30 de setembro, de Ordenación dos establecementos hoteleiros na Comunidade Autónoma de Galicia (anexo 1.16 da memoria).

12. O proxecto presentado xustifica o **tratamento de augas residuais**.

13. O proxecto presentado xustifica o **abastecemento de auga**. (Resolución de 28 de novembro de 2012 (clave DH.B36.40011)).

14. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inadecuado, o orzamento que figura na memoria técnica. Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 520,00 €/m², para un coeficiente de tipo edificatorio, ct, e un coeficiente de tipo de uso cu, multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense os valores que se indican a continuación:

Cálculo de presuposto de execución material

	nº	Sup.	€/m ²	Tipo de obra	C ₁	Tipo de uso	C _u	C _g	
Planta baixa	1	112,30	520	Agrupación en fila ou fileira	1,1	Colexios con residencia	1,3	0,9	75.155,65 €
Planta primeira	1	10,40	520	Agrupación en fila ou fileira	1,1	Almacéns e naves industriais	0,3	0,9	1.606,18 €
TOTAL		122,70 m ²					PEM		75.761,83 €

15. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústico, non se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.

16. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de legalización de reformas e ampliación de instalación de “Granxa Escola e Albergue turístico Rústico” solicitada dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

- **CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a TURISMO GALEGO MEDIOAMBIENTAL, S.L. para legalización de reforma e ampliación de instalación de “Granxa Escola e Albergue Turístico Rústico”, no lugar de Reboreda, nº 6, parroquia de Abades (Silleda), parcela con referencia catastral 36052W501000050000JF, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e cincuenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 13 de Marzo de 2017

Vº e Prace
O ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga